

BANDO

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES;

FAI SABER

PREVENCIÓN COVID-19

Que por mor das medidas adoptadas pola Xunta de Galicia coa finalidade de prevención e contención da propagación do COVID-19 (Coronavirus), a Alcaldía do Concello adoptou a seguinte resolución:

1. Suspende, a partires das 15 horas do Venres día 13 de Marzo do 2020 e até novo aviso, as actividades deportivas, culturais, sociais, etc... organizadas ou autorizadas polo concello.
2. Proceder ó peche ó público, a partires das 15 horas do Venres día 13 de Marzo do 2020 e até novo aviso, das seguintes instalacións municipais: Punto de atención á infancia; Casa da cultura; Complexo deportivo municipal e piscina; Pavillóns municipais da Serra e do Cruceiro de Roo, Campo de fútbol do Cunchido, Centro Náutico do Freixo, Centros socioculturais.
3. O resto de dependencias municipais seguirán abertas para atención ao público, se ben se roga á cidadanía restrinxir a visita ás mesmas aos casos urxentes e ineludibles ou usar a vía telefónica (981 850003) ou telemática (<https://outes.sedelectronica.gal>).
4. Suspende a partires das 15 horas do Venres día 13 de Marzo do 2020 e até novo aviso, a celebración de mercadiños ou feiras en vías públicas do concello.

Prégase comprensión e precaución namentres dure esta medida.

O que se fai público para o seu xeral coñecemento.



Concello de Outes